

COORDINACIÓNS ÁREAS DE ACTIVIDADE DE COGAMI

1. COORDINACIÓN DA ÁREA DE FORTALECIMENTO DO MOVEMENTO ASOCIATIVO

- **Nome:** Manuel Laureano Caamaño Sestayo
 - **Funcións:**
 - Coordinación e xestión das accións que desenvolve a área.
 - Xestión dos recursos humanos e materiais da área.
 - Interlocución coas Administracións Públicas e privadas no referente ás accións que desenvolve a área.
 - Difusión das actividades planificadas dende a área ou daquelas outras destinadas ao público en xeral que puidesen resultar de interese.
 - Participación no deseño, xustificación de proxectos da área, en coordinación coa área de proxectos/finanzas cando proceda.
 - Análise e aprobación das accións preventivas e correctivas necesarias que afecten a súa área.
 - Análise e aprobación das accións de mellora necesarias que afecten a súa área.
 - Participación no establecemento dos obxectivos estratéxicos e operativos da área.
 - Seguimento dos resultados dos indicadores dos obxectivos do plan operativo e do plan estratéxico, vinculados á área.
 - Seguimento dos indicadores de proceso dos cales sexa propietaria/o.
 - Elaboración, co apoio da área da calidade, das edicións dos procesos dos cales é propietaria/o.
- Calquera outra que lle sexa delegada e cantas, sendo necesarias para o normal desenvolvemento da entidade, lle sexan atribuídas pola dirección.



- **Resumo traxectoria profesional:**

- Diplomado en Maxisterio e Licenciado en Psicoloxía Clínica. Traballa en COGAMI dende o ano 1996, comezando como persoal de apoio de presidencia, pasando posteriormente a ser Técnico de Proxectos Europeos “Iniciativa HORIZON”, sendo Responsable da Coordinación de Convenios como Mantemento, Plan Galego de Inclusión Social, Formación Profesional – Ocupacional, xunto coa xestión dunha parte administrativa da entidade, ata ser na actualidade o responsable da Área de Fortalecemento do Movemento Asociativo “FMA” de COGAMI. Participa activamente na organización política da entidade, tanto na súa labor de colaborador na Xunta Directiva de COGAMI, das federacións provinciais dende o ano 1996, así como noutros órganos de xestión política da entidade como a comisión sociosanitaria constituída en xullo de 2011.

2. COORDINACIÓN DA ÁREA DE TRABALLO SOCIAL

- **Nome:** Juana María Tubío Ordóñez

- **Funcións:**

- Coordinación e xestión das accións que desenvolve a área.
- Xestión dos recursos humanos e materiais da área.
- Intervencións en situación de crise.
- Interlocución coas Administracións Públicas e privadas no referente ás accións que desenvolve a área.
- Difusión das actividades planificadas dende a área ou daquelas outras destinadas ao público en xeral que puidesen resultar de interese.
- Detección, estudo, valoración e/ou diagnóstico de necesidades e problemas sociais relacionados coa discapacidade e as situacións de dependencia.



- Prevención da aparición de situacións de risco social.
- Planificación de programas e proxectos de promoción, prevención e asistencia de desenvolvemento social na área de benestar social con persoas con discapacidade.
- Deseño, desenvolvemento e avaliación de estudos de investigación.
- Participación no deseño, xustificación de proxectos da área, en coordinación coa área de proxectos/finanzas cando proceda.
- Análise e aprobación das accións preventivas e correctivas necesarias que afecten a súa área
- Análise e aprobación das accións de mellora necesarias que afecten a súa área.
- Participación no establecemento dos obxectivos estratéxicos e operativos da área.
- Seguimento dos resultados dos indicadores dos obxectivos do plan operativo e do plan estratéxico, vinculados á área.
- Seguimento dos indicadores de proceso dos cales sexa propietaria/o.
- Elaboración, co apoio da área de calidade, das edicións dos procesos dos cales é propietaria/o.

Calquera outra que lle sexa delegada e cantas, sendo necesarias para o normal desenvolvemento da entidade, lle sexan atribuídas pola dirección.

- **Resumo traxectoria profesional:**

- Diplomada en Traballo Social con 20 anos de experiencia no movemento asociativo do ámbito da discapacidade.

Traballa en COGAMI dende o ano 2001, comezando en Administración con atención telefónica e como Traballadora Social no Servizo de Información e Asesoramento do Departamento de Administración. Coordinadora da Área de Traballo Social, dende 2008. Forma parte da Xunta Directiva e da Comisión Permanente de COGAMI dende o ano 2007.

3. COORDINACIÓN DA ÁREA DE EMPREGO

- **Nome:** M^a Carmen Insua Fabeiro

- **Funcións:**

- Coordinación e seguimento do traballo realizado por cada unha das delegacións ou oficinas do servizo.
- Intermediación nas comunicacións entre a Coordinación de Áreas de COGAMI e as distintas oficinas do mesmo.
- Elaboración de informes mensuais e anuais do servizo.
- Xestión dos recursos humanos e materiais do servizo.
- Participación no deseño, xustificación de proxectos da área, en coordinación coa área de proxectos/finanzas cando proceda
- Análise e aprobación. das accións preventivas e correctivas necesarias que afecten a súa área.
- Análise e aprobación das accións de mellora necesarias que afecten a súa área.
- Seguimento dos indicadores de proceso dos cales sexa propietario/a.
- Seguimento dos resultados dos indicadores dos obxectivos do plan operativo e do plan estratéxico, vinculados ao Servizo do SIL.
- Participación no establecemento dos obxectivos do plan operativo e do plan estratéxico vinculados ao Servizo do SIL.
- Elaboración, co apoio da área da calidade, das edicións dos procesos dos cales é propietario/a.



Calquera outra que lle sexa delegada e cantas, sendo necesarias para o normal desenvolvemento da entidade, lle sexan atribuídas pola dirección.

- **Resumo traxectoria profesional:**
 - Licenciada en Ciencias Económicas e Empresariais. Traballa en COGAMI dende o ano 2009, comezando como Técnica en Orientación Laboral. No ano 2013 pasa a ser a Coordinadora do Servizo da Área de Emprego.

4. COORDINACIÓN DA ÁREA DE FORMACIÓN

- **Nome:** Francisco Abuín Landabaso.
- **Funcións:**
 - Coordinación e seguimento do traballo realizado por cada unha das delegacións ou oficinas onde se leva a cabo a formación.
 - Intermediación nas comunicacións entre:
 - A Coordinación de Áreas de COGAMI e as distintas delegacións ou oficinas onde se leva a cabo a formación.
 - A Dirección Xeral correspondente e as distintas delegacións ou oficinas onde se leva a cabo a formación.
 - Elaboración dos informes mensuais e anuais do servizo.
 - Xestión dos recursos humanos e materiais do servizo.
 - Participación no deseño, xustificación de proxectos da área, en coordinación coa área de proxectos/finanzas cando proceda.
 - Elaboración dos rexistros correspondentes ao proceso de deseño.
 - Elaboración do Listado de Cursos de Formación Ocupacional Profesional preferente.
 - Elaboración do Listado de Cursos de Formación Ocupacional Profesional.
 - Homologación de especialidades AFD.



- Solicitud de accións de formación no caso de convocatorias de carácter autonómico.
- Coordinación de organización das accións de formación.
- Solicitud de prácticas nos cursos AFD.
- Análise do informe de Satisfacción Final do Curso.
- Análise e aprobación das accións preventivas e correctivas necesarias que afecten a súa área.
- Análise e aprobación das accións de mellora necesarias que afecten a súa área
- Seguimento dos indicadores de proceso dos cales sexa propietario/a.
- Seguimento dos resultados dos indicadores dos obxectivos do plan operativo e do plan estratéxico, vinculados ao Servizo de Formación.
- Participación no establecemento dos obxectivos do plan operativo e do plan estratéxico vinculados ao Servizo de Formación.
- Elaboración, co apoio da área da calidade, das edicións dos procesos dos cales é propietario/a.

Calquera outra que lle sexa delegada e cantas, sendo necesarias para o normal desenvolvemento da entidade, lle sexan atribuídas pola dirección.

- **Resumo traxectoria profesional:**

- Licenciado en Pedagogía, nas especialidades educativa e social. Traballa en COGAMI dende o ano 2000, empezando a súa andaina como Orientador Laboral nos centros de Lugo e Vigo ata o ano 2004. Entre os anos 2004 e 2007 coordina a Área de Formación de COGAMI, pasando dende o ano 2007 a coordinar as Áreas de Formación e Emprego ata outubro de 2013. A partir de decembro de 2013 coordina exclusivamente a Área de Formación.